

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencias

32851 (10/CPC-000060)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Función Pública, por petición propia, para informar verbo da finalización do primeiro proceso selectivo de empregados públicos da Xunta de Galicia reservado para persoas con discapacidade intelectual, así como da apertura das listas de contratación temporal para este colectivo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 24022 (10/POC-004002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Escola Galega de Administración Pública para posibilitarlles o acceso a unha formación máis adaptada e descentralizada aos empregados públicos das distintas administracións de Galicia, en concreto, aos que están a prestar servizo nas entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

2.2 31245 (10/POC-004930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o procedemento de actuación na atención a unha vítima de violencia machista, acontecida no ano 2016 na senda peonil na ribeira do río Limia, entre Vilar de Santos e Xinzo de Limia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 26260 (10/PNC-002028)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento e remate do Plan de acollemento de persoas refuxiadas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

3.2 31383 (10/PNC-002538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos posibles contratos formalizados polo sector público autonómico coa compañía Babcock Mission Critical Services Holdings, S. L.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 03/07/2018 14:01:38